

RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 25 DE MARZO DE 2015.

A reunión celébrase no edificio administrativo de Campolongo e comeza ás 9:30 horas. Asisten o XT, Xefe de Inspección, Secretario e representantes de CIG, CCOO, FETE-UXT, ANPE e CSIF. Polo STEG acudimos Susana Sánchez Arins e Emilio Xosé Ínsua.

Antes de comezar a tratar os asuntos contemplados na orde do día prevista, CIG primeiro e STEG despois pedimos a palabra como asunto previo para fixarmos e deixarmos constancia en acta das nosas respectivas valoracións sobre a recente sentenza que revoga a destitución do director do IES Illa de Arousa. A CIG celebra o contido da sentenza, reitera que o director mal deposto actuou en defensa dos intereses do seu centro e non con malevolencia e pídelle ao XT que tome nota da sentenza para vindeiras ocasións e que dialogue máis. A seguir STEG, compartindo no básico o dito por CIG e lendo algúns parágrafos literais da propia sentenza, esixe ademais a asunción de responsabilidades por parte da Consellaría, en forma de demisión ou cese inmediato do Xefe Territorial e do Inspector Xefe que impulsaron o expediente de destitución agora declarado contrario a dereito.

O XT replica que non estamos lendo ben a sentenza, porque esta non ordena repoñer ao ex director no cargo, senón que só alude a que existiu durante o procedemento revogatorio un defecto de forma ou técnico. STEG replica que ese defecto é de "indefensión", de sería conculcación do dereito a defenderse, e iso é suficientemente grave como para que desde a Consellaría se asuman responsabilidades. Intervén CSIF pedindo que en casos coma estes haxa máis diálogo previo para impedir que se chegue a estas situacións. Intervén ANPE para sinalar que hai unha política de recorrer por sistema a expedientes disciplinares e que esa é a causa última de situacións como esta e outras que se viviron recentemente. Critica que desde Inspección se vaia sempre coa ameaza de expediente por diante cando xorde calquera situación conflictiva nun centro.

O XT reafírmase no procedemento seguido, técnico e non disciplinario, e subliña que a sentenza non obriga a repoñer no posto ao director.

Pechado o debate, pasamos a tratar a Orde do Día, que foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores de 17 de decembro, 4 de febreiro e 25 de febreiro.

Déixanse pendentes para unha vindeira xuntanza.

2. Temas pendentes de xuntanzas anteriores.

2.1. Estado obras talleres carpintería CIFP A Xunqueira.

A preguntas de CCOO, o XT sinala que preve adxudicar en xuño as obras (creación de aulas e talleres no espazo dunha pista deportiva que non ten uso) e que a finais de 2015 estean feitas e acabadas. Pagaríanse unha parte con fondos europeos e outra con fondos da propia Consellaría. Xa se fixo algo de obra nun espazo que se dedicaba antes a música para que funcione como taller de carpintaría.

2.2. Solicitude datos actualizados de FPBásica

CCOO solicita de novo que a XT reclame de Santiago un estudo detallado dos datos da implantación da nova FPBásica semellante ao que está colgado na web da Consellería en 2010, pois o documento que se nos remitiu desde XT só indica os ciclos existentes en cada centro e localidade e o número de alumnos matriculados, mais non fai referencia a cales son as listas de espera que houbo, ao número de prazas que ficaron vacantes, ás cantidades de alumnado que ficou fóra, etc.

O XT comprométese a solicitalo a Santiago e entregar eses datos.

STEG intervén para sinalar que, sexa como sexa, o propio documento entregado pola XT deixa xa ben claros dous dos aspectos negativos da implantación da nova FPBásica que se prognosticaron desde STEG no seu día: a diminución do nº total de prazas de escolarización para o alumnado da FP (a respecto dos PCPIs) e a redución xeral da oferta de ciclos, agravada ademais pola súa cada vez menor amplitude xeográfica.

O XT replica que a FPBásica non ten nada que ver cos PCPIs e que é lóxico que nos primeiros compases da súa implantación resulte menos atractiva.

2.3. Previsión publicación currículo secundaria

Pregúntaselle desde FETE por este asunto e o XT responde que está xa publicado o anteproxecto no web da Consellería desde onte (24 de marzo)

2.4. Datos renuncia PROA

STEG solicita datos sobre renuncias por parte dos centros da provincia aos contrato-programa.

O XT contesta que houbo 156 centros que se acolleron e que houbo 2 IES, 1 CPI e 9 de Primaria que renunciaron.

STEG replica que, segundo os datos que recompilou mediante contacto telefónico cos centros, son 11 e non 9 os de Primaria que renunciaron e le a seguir os nomes dos mesmos. STEG denuncia que se fixo un recorte austericida na dotación destes contratos, que se denegou por sistema a contratación de profesorado externo a maiores e que se quere descargar diante da opinión pública a responsabilidade dese recorte na falta de "voluntariedade" do profesorado dos centros.

FETE intervén para criticar a demora con que se resolveu a convocatoria e se comezou a aplicar os contratos- programa neste curso.

O XT concede que efectivamente foi demasiada a demora.

2.5. Deficiencias no programa ABALAR: IES de Cotobade e IES Illa de Arousa. Solucionáronse?

STEG, que na anterior xuntanza denunciara os problemas de conexión informática que padecen centros da provincia como o IES Illa de Arousa e o IES de Cotobade, que afectan ao Abalar, ao funcionamento da secretaría, etc. pregunta se xa se están solucionando.

O XT reconece de novo que existen efectivamente eses problemas e que xa deu parte dos mesmos a AMTEGA. É un tema de compañía de telefonía e de cláusulas do contrato. Como houbo unha nova concesión en datas recentes, pensa que se van reducir algo os custes de telefonía nos centros e que se poderán mellorar as condicións técnicas de conexión.

STEG pregunta, ademais, polo escrito enviado, con denuncia de deficiencias semellantes, desde o IES A Basella de Vilanova de Arousa.

O XT contesta que o recibiu e que xa lle deu traslado a AMTEGA.

2.6. Horario profesorado e transporte colexio de Nantes (Sanxenxo)

STEG transmitira na anterior reunión queixas do profesorado de varios colexios do concello de Sanxenxo, como o Plurilingüe de Nantes, a respecto do “tempo engadido” que os profesores se vían obrigados a facer nos seus centros por mor de garantir as gardas de transporte, tanto na entrada como na saída do alumnado.

O XT sinala que se puxo en contacto co centro aludido e que desde a dirección do mesmo negan que exista tal problema.

2.7. Coidadora CEIP Príncipe Felipe

Sinala o XT que o problema pola redución horaria dunha coidadora, formulado por FETE, xa non existe pois a alumna afectada causou baixa.

2.8. Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Reclámaselle de novo ao XT que convoque o Comité. Resposta que así o fará, cara a finais de abril ou comezos de maio.

STEG pregunta polo requirimento de Inspección de Traballo ao IES de Poio sobre libro de visitas de mantemento da caldeira de biomasa. A actual dirección nada sabía sobre a obriga do centro de ter ese libro e ese mesmo caso afectará, é de supoñer, a moitos máis centros. STEG demanda o envío dunha circular explicativa aos centros avisando sobre esa obriga de ter libro de visitas de inspección aberto.

3. Incumprimento do compromiso de flexibilidade nas programacións: CEIP Álvarez Limeses.

Na anterior xuntanza, CIG e STEG preguntaran polos casos de devolucións de programacións por parte de Inspección aos centros que se estaban rexistrando e o XT sinalara que eran tres os casos en que se producía esa devolución: programacións que carecían de criterios de avaliación expresos, programacións que eran copia calcada das que ofrecen algunhas editoriais e programacións que carecían de temporalización.

Varias OO.SS. (CIG, STEG, FETE) formulan agora os casos de centros como o Integrado de A Xunqueira, o Carlos Oroza, o CEIP Xunqueira I e o CEIP Álvarez Limeses, todos de Pontevedra, ou o IES García Barros, de A Estrada, onde se está facendo por parte do inspector de zona correspondente un requirimento para refacer por completo a programación ou mesmo, no caso do colexio Álvarez Limeses, se chegou a convocar o luns día 2 de marzo á tarde unha xuntanza con todo o claustro, que durou máis de catro horas. Nesa reunión díxose que había que facer de novo a programación de Primaria toda, a pesar de que xa se fora adaptando nos meses previos ás directrices que a propia Inspección dera en setembro, e que había que ter feita, ademais, a do curso que vén antes do 15 de xuño. Nesa reunión, a cada profesora que formulaba reparos ao que estaba dicindo o inspector, este replicaba preguntando polo nome da interpeladora e afirmando a seguir “visitarei a túa clase”, nunha actitude como mínimo susceptíbel de entenderse como ameazadora.

O XT reclama que esas acusacións se poñan por escrito e STEG replica que xa están os representantes lexítimos do profesorado através da Permanente da Xunta de Persoal realizando o relato dos feitos e a correspondente acusación, que vai constar en acta, ademais. STEG reclama do XT que analice por que será que de todo o corpo de inspección da provincia precisamente só aparecen conflitos en casos moi concretos de centros que corresponden a moi determinados inspectores. STEG entende que se o XT, logo de facer as súas propias indagacións, non actúa

para desautorizar semellantes actitudes de certos inspectores, o compromiso de flexibilidade tocante ás programacións neste curso 2014/15 feito en anteriores xuntanzas coa Permanente da XdePD, tanto por parte do XT como do Inspector Xefe, haberá que consideralo papel mollado ou auga de castañas.

4. Atraso no ingreso da partida correspondente aos gastos de funcionamento da FPBásica.

O XT reconece que se está a producir ese atraso e tamén para os centros de secundaria. Sinala que contactou con Intervención en Santiago para ver que acontecía e sinaláronlle que ou nesta mesma semana ou na que vén se faría o ingreso desa partida pendente.

5. Solicitude de información sobre a proba de avaliación de final de 3º de EP.

Requirido por todas as OO.SS presentes, o XT sinala que seguramente se celebrará esa proba durante a primeira quincena de Maio. Non vai ser externa, sempre que sexa posíbel, senón realizada nos propios centros e con profesorado do propio centro como corrector (igual que nas probas de avaliación da ESO). Estase estudando como facer co alumnado con ACIs e n.e.e. nestas probas. Non se sabe aínda se van incluír proba oral e escrita de Lingua Galega. STEG pregunta se a participación do profesorado dun centro na corrección desas probas terá carácter voluntario ou obrigatorio e o Xefe de Inspección responde que non se sabe aínda.

6. Previsión errónea do número de comensais nos comedores de xestión directa.

FETE sinala que se fixo un cálculo moi erróneo na previsión de comensais en comedores de xestión directa na zona de Vigo para o segundo trimestre do curso, pois realizouse ese cálculo durante o pico de incidencia máxima da gripe. Respóndeselle por parte de XT que non pasará nada, porque se paga a diferenza "a posteriori" se hai discrepancia entre ese cálculo inicial e os datos reais de usuarios do servizo día a día.

7. Réxime de concesión de adxudicación de vivendas.

STEG pregunta pola normativa concreta que rexe as concesións de vivendas para mestres, pois recibiu algunha consulta sobre o particular de profesorado en vésperas de chegar á xubilación que quere ter claros os dereitos e obrigas que lle incumben nese caso. O XT sinala que a norma vigorante vén do réxime anterior, que apenas foi retocada e que, se non hai inconveniente por parte da Permanente da XdePD, fará as xestións para localizar esa norma e enviar copia a todas as OO.SS presentes.

8. Previsións sobre amortización de oferta modular no IES de Vilalonga-Sanxenxo.

Preguntado por CSIF sobre a previsión de continuidade ou non desa oferta para o vindeiro curso, o XT responde que, se non hai alumnado suficiente, pecharase irrevocabelmente.

9. Está escolarizada a alumna con necesidades especiais do CRA María Zambrano de O Rosal?

O XT responde á cuestión formulada por CIG que si, no colexio de Pías, concretamente.

10. Denegación de xornada continuada no CEIP de Coirón-Dena (Meaño)

CIG pregunta polas razóns desa denegación e o XT responde que se debeu, antes que nada, a un defecto de forma grave no proceso de tramitación da solicitude, regulado polo decreto de 2006, pois non se fixo o informe de Inspección de Transporte previo e preceptivo para avalar esa

solicitud de cambio, de maneira que fica de seu invalidada a propia votación que se fixo nos órganos do centro. Por outra banda, advirte o XT que un cambio desas características implica un 20% de incremento no prezo do transporte, de maneira que tería que haber razóns moi poderosas e ben xustificadas para que o erario público tivese que asumir ese incremento de custes.

11. Obras CIFP Carlos Oroza

Estase facendo xa o proxecto de obra, que se financiará con fondos europeos.

12. Axudas libros de texto CEIP Blanco Rodríguez

O XT informa de que Intervención en Santiago non admite o pagamento desa axuda e que xa non hai máis voltas que darlle a esta demanda.

13. Rolda de intervencións

O Presidente da XdePD solicita da Xefatura Territorial unha impresora nova para o local da propia Permanente.

CIG pregunta pola existencia de deficiencias no edificio do Conservatorio Superior de Música de Vigo e pola posibilidade de emprender arranxos nel, mais o XT sinala que ese tipo de centros non están acollidos ao RAM e que é difícil atopar orzamento extra que poida cubrir ese gasto.

CIG transmite solicitude do director do IES de Chapela para entrevistarse co XT.

CIG pregunta se han de ser os centros os que sigan pagando a telefonía ou se, en virtude da nova concesión dese servizo, ese pagamento vai estar centralizado na Consellaría. O XT responde que pensa que se vai seguir facendo como ata agora.

STEG interésase pola apertura dun expediente disciplinario a unha profesora de ciclo no IES Johán Carballeira de Bueu.

STEG pregunta pola polémica pública sobre a reparación e acondicionamento do ximnasio do colexio de Rubiáns (Vilagarcía) e insta ao XT a reunir o antes posíbel todas as partes implicadas (o propio centro, a ANPA, a responsábel educativa do Concello vilagarcían e a propia xefatura territorial da Consellaría) para acordar un calendario e delimitar responsabilidades de cada quen para as obras necesarias iren adiante.

CSIF pregunta pola optativa de Tecnoloxía Industrial.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as 11.45 horas.

STEG